

culleredo vivo vive **CW**



Dende o Concello de Culleredo estamos a traballar na iniciativa “VIVE CULLEREDOVIVO” que dá continuidade á anterior EDUSI (Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado) e aglutina outros proxectos de planificación territorial de gran relevancia para o noso municipio. Así, na actualidade o Concello está impulsando a súa **Axenda Urbana**, a través da proposta dunha **Estratexia Territorial Integrada** -coñecida no Estado como ETI- e a implementación dun **Plan de Acción Integrado (PAI)** que poderá permitir optar ao financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Isto fomentará o deseño compartido coa cidadanía dun modelo de desenvolvemento sostible dende unha tripla dimensión ambiental, económica e social, con actuacións concretas ate 2030.

Este Plan de Acción será a **folla de ruta** coa que Culleredo implemente a Axenda Urbana no seu municipio e recollerá pois, os proxectos estratéxicos identificados, priorizados e validados a través do proceso participativo que permitan acadar os obxectivos estratéxicos que o Concello tense marcado desde este momento ata 2030 e seguintes anos. Así, partindo da **análise e diagnose** da realidade actual do municipio no contexto actual, deséñase un **marco estratéxico** que integra as actuacións para realizar a **curto, medio e longo prazo**, e que se estrutura segundo **retos e obxectivos, liñas de acción e actuacións** sobre **ámbitos territoriais estratéxicos**, identificando **proxectos faro**, todo iso; aliñando cos obxectivos da **Axenda urbana do Eixo atlántico**, Axenda Urbana Española e ODS, así como cos principios do **Pacto Verde, Carta de Leipzig e New European Bauhaus**. E ti, como ves Culleredo?

## **EDTI - AXENDA URBANA CULLEREDO. RESUMO EXECUTIVO CONTIDO**

1. ALGO DE NFORMACIÓN PREVIA
2. ÁMBITO TERRITORIAL DA EDTI-AXENDA URBANA DE CULLEREDO
3. ANÁLISE E DIAGNOSE
  - 3.1. ALGÚNS DATOS DESCRITIVOS DE CONTEXTO (AUE) COS MUNICIPIOS DO MESMO RANGO DE POBOACIÓN
  - 3.2. PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS DOS DATOS DESCRITIVOS DE CONTEXTO
  - 3.3. ANÁLISE-DIAGNOSE DA FRAGMENTACIÓN TERRITORIAL DE CULLEREDO
  - 3.4. IDENTIFICACIÓN DE ÁMBITOS TERRITORIAS ESTRATÉXICOS
4. APLICACIÓN DA METODOLOXÍA DA AGENDA URBANA ESPAÑOLA (AUE)
4. GOBERNANZA ENTRE DIFERENTES ADMINISTRACIÓNS E AXENTES SOCIAIS
5. PROCESO PARTICIPATIVO E DE CONTRASTE DO DOCUMENTO TÉCNICO DA EDTI-AXENDA URBANA DE CULLEREDO
6. INFÓRMATE, OPINA E PARTICIPA

# 1. ALGO DE NFORMACIÓN PREVIA

## Desenvolvemento sostible ¿que é?

é o desenvolvemento que ten a capacidade de satisfacer as necesidades do presente, sen deixar a ninguén atrás dunha forma economicamente viable e sen comprometer os recursos das próximas xeracións e minimizando os efectos no medio ambiente

## OBJETIVOS DE DESARROLLO SOSTENIBLE



## OBXETIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE E A SÚA VINCULACIÓN CON OUTRAS INICIATIVAS E PROXECTOS

<b>TERRITORIO, PAISAJE E BIODIVERSIDADE</b>	1. ORDENAR EL TERRITORIO Y HACER UN USO RACIONAL DEL SUELO, CONSERVARLO Y PROTEGERLO.	1.1 Ordenar el uso de zonas compatibles con su entorno territorial.	1.2 Conservar y mejorar el patrimonio natural y cultural y proteger el paisaje.	1.3 Mejorar las infraestructuras verdes y azules y vincularlas con el contexto natural.				
<b>MODELO DE CIUDAD</b>	2. EVITAR LA DISPERSIÓN URBANA Y REVITALIZAR LA CIUDAD EXISTENTE	2.1 Definir un modelo urbano que fomente la compatibilidad, el equilibrio urbano y la ubicación de servicios básicos.	2.2 Garantizar la complejidad funcional y diversidad de usos.	2.3 Garantizar la calidad y la accesibilidad de los espacios públicos.	2.4 Mejorar el medio ambiente urbano y reducir la contaminación.	2.5 Impulsar la regeneración urbana.	2.6 Mejorar la calidad y la sostenibilidad de los edificios.	
<b>CAMBIO CLIMÁTICO</b>	3. PREVENIR Y REDUCIR LOS IMPACTOS DEL CAMBIO CLIMÁTICO Y MEJORAR LA RESILIENCIA.	3.1 Adaptar el modelo territorial y urbano a los efectos del cambio climático y actuar en su prevención.	3.2 Reducir las emisiones de gases de efecto invernadero.	3.3 Mejorar la resiliencia frente al cambio climático.				
<b>GESTIÓN SOSTENIBLE DE LOS RECURSOS Y ECONOMÍA CIRCULAR</b>	4. HACER UNA GESTIÓN SOSTENIBLE DE LOS RECURSOS Y FAVORECER LA ECONOMÍA CIRCULAR	4.1 Ser más eficiente energéticamente y ahorrar energía.	4.2 Optimizar el consumo de agua.	4.3 Fomentar el ciclo de los materiales.	4.4 Reducir los residuos y favorecer su reciclaje.			
<b>MOVILIDAD Y TRANSPORTE</b>	5. FAVORECER LA PROXIMIDAD Y LA MOVILIDAD SOSTENIBLE.	5.1 Favorecer la ciudad de proximidad.	5.2 Potenciar modos de transporte sostenible.					
<b>COHESIÓN SOCIAL, IGUALDAD DE OPORTUNIDADES</b>	6. FOMENTAR LA COHESIÓN SOCIAL Y BUSCAR LA EQUITAD	6.1 Reducir el riesgo de pobreza y exclusión social en distintos niveles desfavorecidos.	6.2 Buscar la igualdad de oportunidades desde una perspectiva de género, edad y discapacidad.					
<b>ECONOMÍA URBANA</b>	7. IMPULSAR Y FAVORECER LA ECONOMÍA URBANA	7.1 Buscar la productividad local, la generación de empleo y la diversificación y diversificación de la actividad económica.	7.2 Fomentar el turismo inteligente, sostenible y de calidad y los sectores clave de la economía local.					
<b>VIVIENDA</b>	8. GARANTIZAR EL ACCESO A LA VIVIENDA.	8.1 Fomentar la existencia de un parque de vivienda adecuado a precio asequible.	8.2 Garantizar el acceso a la vivienda, especialmente, a los colectivos más vulnerables.					
<b>ERA DIGITAL</b>	9. LIDERAR Y FOMENTAR LA INNOVACIÓN DIGITAL.	9.1 Favorecer la calidad del conocimiento y avanzar hacia el desarrollo de ciudades inteligentes (Smart Cities).	9.2 Fomentar la administración electrónica y reducir la brecha digital.					
<b>INSTRUMENTOS</b>	10. MEJORAR LOS INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN Y LA GOBERNANZA.	10.1 Lograr un marco normativo y de planeamiento actualizado, transparente, flexible y simplificado.	10.2 Asegurar la participación ciudadana, la transparencia y favorecer la gobernanza multiactor.	10.3 Impulsar la capacidad local y mejorar la gestión de los recursos.	10.4 Diseñar y poner en marcha campañas de formación y sensibilización en materia urbana.			

- Objetivo vinculado a INDICADORES del ODS 11
- Objetivo vinculado al cumplimiento del ODS 11
- Objetivo vinculado con los planes de la Agenda Urbana Europea
- Objetivo con actuaciones 1.5 cultural y rehabilitación.
- Objetivo con actuaciones Plan Extrem de Vivienda.
- Objetivo con actuaciones o indicadores EDUSI.
- Objetivo con indicadores SIU.

## a Agenda Urbana Española (AUE) ¿que é?

a AUE é:


Un instrumento de planificación **estratéxica** orientado a priorizar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e aplicalos nos nosos territorios e municipios.

Define un marco de **10 Obxectivos Estratéxicos** para orientar as políticas urbanas e impulsar a consecución do desenvolvemento sostible.

E cada cidade ou territorio debe adaptar estes obxectivos e liñas de actuación ao seu contexto concreto.




## 2. ÁMBITO TERRITORIAL DA EDTI-AXENDA URBANA DE CULLEREDO



O termo municipal de Culleredo ocupa unha superficie de **61,73 km<sup>2</sup>**. Limita cos municipios da Coruña, Oleiros, Carral, A Laracha, Cerceda, Cambre e Arteixo, e conta **cunha poboación de 30.790 habitantes** (IGE 2022).

O municipio está **dividido en 11 parroquias**: O Burgo e Rutis adquiriron carácter urbano e **Almeiras, Castelo, Celas, Culleredo, Ledoño, Orro, Sésamo, Sueiro e Veiga** que mantén o seu carácter rural orixinal.









































Dentro do sistema urbano definido polas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), documento estratéxico de ordenación do territorio en Galicia, **Culleredo está incluído na Rexión Urbana da Coruña-Ferrol** baixo o nome de "**Rexión urbana Ártabra**".





















### 3. ANÁLISE E DIAGNOSE

#### 3.1 ALGÚNS DATOS DESCRIPTIVOS DE CONTEXTO (AUE) COS MUNICIPIOS DO MESMO RANGO DE POBOACIÓN

DATOS DESCRIPTIVOS AUE	Municipios entre 20.000 e 50.000 hab			OBJETIVOS ESTRATÉXICOS AUE									
	CULLEREDO	GALICIA	ESPAÑA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
<b>D.01. VARIACIÓN DE LA POBLACIÓN 2007 – 2017 (%)</b>	<b>6,78</b>	2,15	2,7										
<b>D.02. TERRITORIO Y DIVERSIDAD DE HABITATS</b>	0												
D.02.a. Superficie de cobertura artificial por municipio (%).	<b>20,66</b>	13,37	13										
D.02.b. Superficie de cultivos por municipio (%).	<b>15,53</b>	24,46	30,4										
<b>D.03. SUPERFICIES DE EXPLOTACIONES AGRARIAS Y FORESTALES</b>	0												
<b>D.05. SUPERFICIE DE ZONAS VERDES (ha / 1.000 habitantes).</b>	<b>6,41</b>	2,7	2,8										
<b>D.06. DENSIDAD URBANA.</b> Densidad de población en suelo urbano (hab./ha).	<b>42,05</b>	77,84	57										
<b>D.07. SUELO URBANO DISCONTINUO.</b> Superficie de suelo urbano mixto discontinuo sobre suelo urbano mixto total (%)	<b>73,79</b>	59,19	28,2										
<b>D.08. DENSIDAD DE VIVIENDA</b> por superficie de suelo urbano (Viv/ha).	<b>24,74</b>	41,19	29,5										
<b>D.09. COMPACIDAD URBANA.</b> Superficie construida total por superficie de suelo (m2t/m2s)	<b>9,13</b>	1,03	0,67										
<b>D.10 COMPACIDAD RESIDENCIAL</b>	0												
<b>D.ST.01. DENSIDAD DE VIVIENDAS PREVISTAS EN LAS ÁREAS DE SUELO DE DESARROLLO</b> (Viv/ha).	<b>22,9</b>	39,35	33,4										
<b>D.ST.02. PORCENTAJE DE ÁREAS DE SUELO DE DESARROLLO</b> respecto al total del suelo urbano (%)	<b>29,26</b>	46,72	36,3										
<b>D.ST.05. SUPERFICIE DE SUELO PREVISTO PARA PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS.</b> Porcentaje de áreas de suelo en desarrollo de uso actividades económica (industrial o terciario) respecto al total de suelo urbano (%)	<b>3,3</b>	15,51	13,2										
<b>D.14. ANTIGÜEDAD DEL PARQUE EDIFICATORIO.</b> Porcentaje del parque edificatorio por municipio con una antigüedad anterior al año 2000 (%).	<b>33,69</b>	53,46	61,3										

	Municipios entre 20.000 e 50.000 hab			OBJETIVOS ESTRATÉGICOS AUE									
	CULLEREDO	GALICIA	ESPAÑA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
													
<b>DATOS DESCRIPTIVOS AUE</b>													
<b>D.17. SUPERFICIE DE INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE Y MOBILIDAD</b>													
D.17.a. Superficie de infraestructuras de transporte (ha).	<b>243,16</b>	145,47	99,6										
D.17.b. Porcentaje de superficie de infraestructuras de transporte respecto al término municipal (%)	<b>3,91</b>	1,95	1,6										
<b>D.22. ENVEJECIMIENTO DE LA POBLACIÓN</b>													
D.22.a. Índice de envejecimiento de la población (%)	<b>17,1</b>	19,14	16,3										
<b>D.24. INDICE DE DEPENDENCIA</b>													
D.24.a. Índice de dependencia total (%)	<b>46,7</b>	49,85	47,4										
<b>D.26. NÚMERO DE PERSONAS TRABAJADORAS</b>													
D.26.c. Trabajadoras en sector construcción (%).	<b>20,17</b>	11,3	7,9										
<b>D.27. NUMERO DE ESTABLECIMIENTOS</b>													
D.27.c. Establecimientos en sector construcción (%).	<b>12,94</b>	9,67	8,5										
D.27.d. Establecimientos en sector servicios (%).	<b>79,24</b>	77,42	77,6										
<b>D.28. TASA DE PARO</b>													
D.28.a. Porcentaje de personas paradas total (%).	<b>7,79</b>	11,43	12,6										
D.28.b. Porcentaje de personas paradas entre 25 y 44 años (%)	<b>34,45</b>	42,36	41,7										
D.28.c. Proporción de paro femenino (%)	<b>60,48</b>	59,25	57,8										
<b>D.32. VARIACIÓN DEL NÚMERO DE HOGARES 2001-2011 (%)</b>	<b>8,14</b>	33,9	35,6										



DATOS DESCRIPTIVOS AUE	Municipios entre 20.000 e 50.000 hab			OBJETIVOS ESTRATÉGICOS AUE									
	CULLEREDO	GALICIA	ESPAÑA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
													
<b>D.33. CRECIMIENTO DEL PARQUE DE VIVIENDA 2001-2011 (%)</b>	<b>40,28<sup>1</sup></b>	32,24	23,1										
<b>D.38. FECHA DE LA FIGURA DE PLANEAMIENTO URBANÍSTICO VIGENTE EN EL MUNICIPIO.</b>	<b>1988</b>	2001	2001										


<sup>1</sup> Fte IGE. Elaboración propia

### 3.2. PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS DOS DATOS DESCRIPTIVOS DE CONTEXTO (AUE)

- A **proporción de solo urbano mixto discontinuo é moi elevada**, *D.07. Superficie de suelo urbano mixto discontinuo sobre suelo urbano mixto total (%)*, é a **imaxe da estrutura da trama urbana do municipio**, unha estrutura moi roturada polas infraestruturas de comunicación e polos crecementos desordenados, na que os barrios mais compactos se unen mediante estas infraestruturas.
- O **aeroporto de A Coruña** incardinase na trama urbana sendo parte de este mixto discontinuo.
- A **compacidade urbana é moi alta**, *D.09: Superficie construída total por superficie de solo (m2t/m2s)*, polo que quizais deba ser **corrixida con espazos públicos de calidade** para as persoas; espazos verdes, prazas e beirarrúas dun largo mínimo.
- En canto á antigüidade do Parque edificatorio, **tan só un terzo das vivendas do municipio son anteriores ao ano 2000**, contando cun **parque edificatorio recente** e sen graves necesidades de rexeneración.
- Os datos descritivos da Axenda Urbana respecto á **poboación** recollen un **gran aumento** de esta no período 2007 – 2017 **triplicando os datos do resto de municipios similares de Galicia e España, Culleredo conta cunha poboación xoven e activa.**

#### INTERPRETACIÓN DOS DATOS DA PIRÁMIDE DE POBOACIÓN

Culleredo e, comparado cos outros concellos de A Coruña, un dos concellos máis poboado, en proceso de crecemento tanto de poboación como vexetativo, con moita poboación nova e en idade laboral, pouca poboación maior, logo con moi baixa mortalidade e índice de envellecemento e dependencia, sendo a idade media das máis novas de A Coruña (43 anos)



#### INTERPRETACIÓN DOS DATOS DE PROCEDENCIA DA POBOACIÓN


Só un 16% da poboación de Culleredo naceu no concello, a maioría procede do resto da provincia de A Coruña (57%) e a mesma proporción veñen do resto de Galicia ou do resto de España (7%), o 5% do resto do Mundo, sendo o 10º concello con máis estranxeiros de Coruña



- **Na orientación das actividades económicas no municipio destacan os sectores da construción e os servizos, incluído o comercio**, sendo significativa a elevada proporción en relación á comparativa cos municipios de Galicia e España
- **O solo destinado a actividades económicas respecto ao total do solo urbano** representa tan só un 3,3%, unha porcentaxe baixa en relación ao resto de municipios de Galicia e España; **Culleredo consegue concentrar alta actividade económica cun baixo consumo de solo.**
- **O municipio de Culleredo conta cun planeamento urbanístico en proceso de revisión** (aprobado en 1988).

### 3.3. ANÁLISE-DIAGNOSE DA FRAGMENTACIÓN TERRITORIAL DO MUNICIPIO

- Destaca o grave impacto que os procesos de infraestruturación para o acceso á cidade de A Coruña tiveron sobre o territorio urbano de Culleredo e no seu modelo de mobilidade, á vez que supón una **vantaxe estratéxica**, nun entorno metropolitano.
- A densidade de viario é 3,5 veces superior á media autonómica e mais de 5 veces superior á media estatal:
  - o **superficie de cobertura artificial no municipio moi por encima da media**
  - o a **superficie de infraestruturas de transporte duplica** as medias autonómica e estatal.
- **Altas intensidades de tráfico** e os **consecuentes impactos económicos e ambientais** (retencións, contaminación acústica e atmosférica...).
- **Culleredo é, despois de Arteixo, o municipio menos dependente da cidade cabeceira de A Coruña e o de menor mobilidade inducida por motivos laborais**
- Segundo datos do Plan de mobilidade de Culleredo, a práctica totalidade da poboación do municipio pode contar con cobertura de opcións de mobilidade en 5 minutos, tendo en conta a peonil, en bicicleta e transporte público:
  - o **densidade urbana alta nas inmediacións dos eixes de accesibilidade** aos medios de transporte colectivo
  - o **tendencia ao emprego do automóbil** nos desprazamentos forzados á cidade de A Coruña
  - o **alta cobertura da poboación para o fomento de solucións de mobilidade activa**
- O papel do municipio de **Culleredo como espazo ambiental metropolitano**:
  - o **superficie de zonas verdes alta** (6,41 ha / 1.000 habitantes), moi por riba das medias de municipios similares
  - o municipio que **conserva amplas posibilidades de transformación sostible** aínda cos condicionantes que supoñen a presenza de infraestruturas de sistema xeneral que atravesan a trama urbana
  - o presenza de **relevantes elementos naturais** e culturais: A ría do Burgo, o monte Xalo e monte Costa, cauces fluviais, Camiño de Santiago, vías verdes...



### 3.4. IDENTIFICACIÓN DE ÁMBITOS TERRITORIAS ESTRATÉXICOS

#### Sistemas urbanizados, as áreas de asentamentos

- as áreas urbanas mais densas
- os núcleos rurais do interior

#### Sistemas naturais e patrimoniais, os elementos estruturantes do territorio

- a Ría do Burgo
- o monte Xalo e monte Costa
- os cauces fluviais
- o camiño de Santiago

#### Sistemas de comunicación, as grandes infraestruturas

- o aeroporto de A Coruña
- as vías de ferrocarril
- o sistema viario de tráfico rodado

#### Sistemas produtivos, as áreas de actividade

- a Cross
- os polígonos industriais e/ou de servizos

Entendendo que a mellora de cidades e pobos non só focalizárase na renovación de infraestruturas o edificacións, senón tamén en atender as necesidades sociais dos seus habitantes e protexendo o medio ambiente.

Para elo é necesario intervir no soporte, pero tamén crear as condicións necesarias para asegurar a calidade de vida urbana, multiplicando as funcións, reducindo a necesidade de transporte motorizado e reforzando o sentido do público e a conciencia de colectividade.

Con este traballo e de cara aos próximos anos, Culleredo plantéxase como **pensar e deseñar** de forma colectiva un municipio que priorice os espazos públicos verdes, seguros, accesibles e inclusivos; **promovendo a calidade ambiental** sobre a base da rexeneración do medio e afrontando o **futuro** de forma responsable para conseguir un **crecemento económico sostible e innovador** que conleve un **impacto medioambiental e social positivo**.

Este compromiso dará como resultado a elaboración dun documento estratéxica que recolla as accións e liñas de traballo dos principais proxectos urbanos executados e que se prevén para os próximos anos para implementar a visión del municipio; concretándose nun Plan de acción local, que se enfoca no desenvolvemento de liñas de acción que implican actuar sobre os **ámbitos estratéxicos territoriais** identificados

## 4. APLICACIÓN DA METODOLOXÍA DA AGENDA URBANA ESPAÑOLA (AUE)

### REALIZAR UN PRIMEIRO UNHA ANÁLISE E DIAGNÓSE DO MUNICIPIO

con relación aos Obxectivos da *Agenda Urbana Española*

con relación aos Retos da **EDUSI culleredovivo**

### RECOLLER OS OBXETIVOS E ACTUACIÓNS DE OUTROS PLANS E PROXECTOS ESTRATÉXICOS

nos que ven traballando o Concello de Culleredo (PXOM, PACES, PMUS, EDUSI culleredovivo, PSTD,...)

sectoriais e da contorna (Plan AMAC, PD Aeroporto, Plan descontaminación de A *Ría do Burgo*, Plan Reserva da Biosfera Terras das Mariñas...)

e o documento estratéxico do Eixo Atlántico do que forma parte, a **Axenda Urbana do Eixo Atlántico**

### DESEÑAR UN PROCESO PARTICIPATIVO

concebido como un **proceso aberto de acompañamento e continuo co período anterior** no marco da EDUSI culleredovivo, **durante a elaboración da ETI** e para lograr un seguimento e fiscalización do Plan de Acción saínte deste proceso, que permita medir e **avaliar de forma transversal e plural** as actuacións previstas e o seu avance de execución nos próximos anos.

### DEFINIR UN MARCO ESTRATÉXICO ALIÑADO

coas determinacións previstas no **POPE e Acuerdo de Asociación Feder 2021-2027**

cos principios do **Pacto Verde Europeo, Carta de Leipzig (2020)** e **New European Bauhaus**

e que sirva de **folia de ruta para o desenvolvemento do modelo culleredovivo** vive a curto, medio e longo prazo

### PROPOÑER UN PLAN DE ACCIÓN LOCAL

que recolla os principais pasos a seguir, concretando actuacións no ámbito social, medioambiental e económico

### INCORPORAR UN SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

incluíndo un sistema de indicadores para cada liña de acción

## 5. GOBERNANZA ENTRE DIFERENTES ADMINISTRACIÓN E AXENTES SOCIAIS

### EDUSI 2014-2020 Culleredo vivo



### PRESENTACIÓN NOVO PROCESO PARTICIPATIVO 2024



### ESTRATEGIA TERRITORIAL INTEGRADA 2021-2027 AXENDA URBANA CULLEREDO



- **culleredovivovive** busca de **sinerxías cos municipios limítrofes** da (A Coruña, Oleiros, Cambre, Arteixo, Cerceda, Carral e A Laracha) na identificación de problemáticas comúns neste territorio e que poidan derivar en novos proxectos e actuacións conxuntas. Así mesmo, manterase unha interlocución coa Administración Xeral do Estado para o encaixe da Axenda Urbana local na AUE.
- O proceso de contraste do Plan de Acción Integrado culminará coa **constitución dun Foro Cívico**, que se reunirá anualmente para realizar un seguimento das actuacións programadas e no que estará representado o tecido asociativo, persoal técnico municipal e todos os grupos políticos. Este espazo de debate está contemplado no Regulamento de Participación do Concello de Culleredo e dotará de transparencia á xestión pública.
- **E agora qué?** Agora estamos a traballar na procura dun modelo de desenvolvemento sostible integrado para o municipio de Culleredo en continuidade coa EDUSI **culleredovivo** que, **partindo de as preexistencias locais e un marco territorial propio e, proponendo un enfoque que facilite a mellora da realidade existente**; proxectando a Culleredo **cara a unha realidade mais sostible**, freando o consumo de recursos naturais e poñendo en valor os elementos estruturantes do territorio, tanto os elementos naturais como os elementos patrimoniais.
- **Como ?** A través dun **enfoque de mellora e rexeneración do municipio**; no que a rexeneración desenvólvese como un sumatorio de actuacións integradas que permitirán a restablecer e mellorar o municipio.

## 5. PROCESO PARTICIPATIVO E DE CONTRASTE DO DOCUMENTO TÉCNICO DA EDTI-AXENDA URBANA DE CULLEREDO





## ESTRATEGIA TERRITORIAL INTEGRADA AU CULLEREDO



Se pensas algún proxecto o actuación aliñada cos obxetivos estratéxicos da Axenda Urbana Española (AUE) interesante desde o teu punto de vista para o municipio, compártelo con nos, neste espazo da web municipal.

Formulario 2: ¿Cal é a túa proposta para Culleredo?

Participa na redacción da AU de Culleredo aliñada coa AUE e os ODS

- 1 Ordenar el territorio y hacer un uso racional del suelo, conservarlo y protegerlo
- 2 Evitar la dispersión urbana y revitalizar la ciudad existente
- 3 Prevenir y reducir los impactos del cambio climático y mejorar la resiliencia
- 4 Hacer una gestión sostenible de los recursos y favorecer la economía circular
- 5 Favorecer la proximidad y la movilidad sostenible
- 6 Fomentar la cohesión social y buscar la equidad
- 7 Impulsar y favorecer la Economía Urbana
- 8 Garantizar el acceso a la Vivienda
- 9 Liderar y fomentar la innovación digital
- 10 Mejorar los instrumentos de intervención y la gobernanza



culleredo **vw**  
culleredo **vivo vive**



traballo desenvolto por:

**TERRES** TERRITORIOS E ESTRATEXIAS SOSTIBLES:  
TERRITÓRIS I ESTRATÉGIAS SOSTENIBLES